

13 Febrero de 2012 - Revista 855

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

NOVAS E ANUNCIOS / 2

NOVAS FORMACION / 9

BOLSAS E AXUDAS / 10

PREMIOS E CONCURSOS / 11

EMPREGO / 13

NOVAS E ANUNCIOS EN PORTADA

Xuventude organiza en colaboración coa Garda Civil obradoiros sobre seguridade na rede dirixidos a mozos e mozas e aos seus pais



Martes, 07 Febreiro 2012 00:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a través do servizo Quérote +, desenvolveu hoxe en colaboración co equipo de investigación tecnolóxica da Garda Civil un obradoiro de ciberbullying no colexio Manuel Peleteiro de Santiago con motivo do Día Mundial da Seguridade en Internet. 'Convivencia e redes sociais' é o título destes talleres onde se abordan os comportamentos e aptitudes para evitar casos de acoso escolar ou de acoso informático.

Trátaste dun dos 26 obradoiros deste tipo que se están a celebrar ao longo do curso escolar 2011-2012 na provincia da Coruña e que están dirixidos tanto a mozos e mozas como aos seus pais e nais. De feito, Xuventude e a Garda Civil xa realizaron 20 cursos e están pendentes a organización doutros 6 en diferentes institutos e escolas de pais e nais da provincia.

O responsable de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou o obradoiro celebrado no centro educativo Manuel Peleteiro co obxectivo de difundir entre os mozos e mozas a importancia de navegar con seguridade pola rede. "Con estes obradoiros queremos dotar aos alumnos da ESO das ferramentas necesarias para acadar esta seguridade tanto desde os ordenadores como desde os móbiles", apuntou.

Rodeiro explicou, así mesmo, que a colaboración entre o servizo Quérote + e a Garda Civil xurdiu ao ser complementarios dous enfoques da seguridade en Internet. Desta forma, a Dirección Xeral de Xuventude centra o seu labor en reforzar certas habilidades e destrezas que lles axuden aos mozos e mozas a resolver os conflitos, sen que cheguen a producirse situacións máis graves.

Pola súa banda, a Garda Civil traballa desde a actuación ante situacións reais xa de conflito, é dicir, dando pautas de actuación e dando a coñecer o labor dos axentes ante este tipo de situacións. "Son polo tanto actuacións a niveis diferentes que se complementan e aportan ingredientes distintos", subliñou Rodeiro.

Por outro lado, o director xeral de Xuventude lembrou que os obradoiros de ciberbullying non son os únicos que organiza o servizo Quérote +. Así, destacou que o curso 2011/2012 rematará coa celebración de máis de 2.300 talleres que versarán sobre tres temáticas diferentes: 'Afectividade, sexualidade e imaxe corporal' que aborda as problemáticas que xorden a través dos conflitos que teñan como base estas tres circunstancias; 'Prevención de consumos', que trata os problemas derivados das drogas e de outras substancias nocivas, poñendo en valor o ocio alternativo entre os mozos e mozas; e os centrados en ciberbullying.

No curso pasado, 2010-2011, os obradoiros de Xuventude chegaron a máis de 44.000 mozos e mozas de 243 institutos de Educación Secundaria e 178 centros de Formación Profesional, unha cifra que, segundo resaltou o director xeral, se prevé incrementar este curso poñendo a disposición de todos os centros de secundaria esta programación.

Así mesmo, Rodeiro explicou que, ademais dos centros educativos, estas iniciativas tamén se ofertan a outros colectivos como asocia-

cións xuvenís, oficinas de información xuvenil, entidades ou ás asociacións de pais e nais dos propios colexios e institutos. Por último, o director xeral de Xuventude sinalo que a intervención dos técnicos do servizo Quérote + realízase tanto a nivel individual como grupal. De maneira individual, a través de consultas dos usuarios, de xeito presencial nas oficinas deste servizo, por medio de chamadas telefónicas ou preguntas on line. De maneira grupal, mediante accións formativas, a través das mesas informativas, da participación en congresos e eventos de interese para a mocidade e dos programas de mediación xuvenil.

Benestar colabora coa Universidade de Santiago no primeiro Máster universitario especializado en xuventude e sociedade



Xoves, 09 Febreiro 2012 00:00

A Consellería de Traballo e Benestar colabora coa Universidade de Santiago no primeiro máster universitario especializado en xuventude e sociedade que se celebra en Galicia.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou hoxe como relator neste máster do que están a participar 25 alumnos e alumnas. No seu relatorio, titulado 'Recursos e políticas públicas da xuventude en Galicia', Rodeiro incidiu no impulso legislativo que o Goberno galego realizou nos últimos anos para "modernizar, unificar e clarificar" a normativa autonómica en materia de xuventude.

Así, destacou que recentemente o Consello da Xunta aprobou a primeira Lei de Xuventude de Galicia que, segundo resaltou, garante a transversalidade e a coordinación entre os distintos departamentos da Xunta nas políticas dirixidas á mocidade. Entre outros aspectos, a normativa establece que os plans estratéxicos da Xunta sexan obrigatorios en cada lexislatura e que se tramiten como acordos no Consello da Xunta; e garante a participación dos mozos e mozas nas políticas públicas de xuventude, ao establecer un novo sistema de representación, coa incorporación e participación de todas as asociacións xuvenís no Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia.

Rodeiro, ademais, lembrou que o pasado mes de decembro se aprobou por unanimidade no Parlamento de Galicia a Lei de Acción Voluntaria de Galicia, que legisla a participación dos mozos e mozas en actividades de voluntariado. Con respecto a esta normativa, o director xeral resaltou a institucionalización da figura do voluntario xuvenil, xa que poderá recibir certificacións oficiais que demostren a experiencia adquirida a través da acción voluntaria.

Por último, Rodeiro referiuse á adaptación do decreto en materia de xuventude á directiva europea, que permitirá axilizar de 6 a 2 meses a tramitación de actividades vinculadas á mocidade. Neste senso, explicou que simplificaranse e flexibilizaranse os procedementos para recoñecer as distintas tipoloxías de instalacións e axilizaranse as expedicións dos títulos de monitores e directores de tempo libre, así como a homologación doutros títulos expedidos por órganos doutras comunidades autónomas ou de estados membros da Unión Europea.

Un total de 14 equipos de mozos e mozas de toda Galicia participan na semifinal de Parlamento Xove



Sábado, 11 Febreiro 2012 00:00

Un total de 14 equipos de 12 centros de ensino de toda Galicia participarán hoxe na Deputación da Coruña na primeira semifinal de Parlamento Xove, un proxecto da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, que pretende potenciar o diálogo como ferramenta para argumentar as ideas propias entre a mocidade galega.

Trátase dunha competición entre centros de ensino da comunidade autónoma, na que os participantes de cada equipo (formados por catro alumnos e un profesor) investigarán, escribirán e, finalmente,

debaterán sobre o tema proposto pola organización. Inclúese tamén a elaboración de artigos en blog e a realización dun dossier de investigación sobre o tema tratado.

Nesta primeira semifinal participarán un total de 14 equipos de 12 centros de ensino de toda Galicia: o IES A Pingüela de Monforte de Lemos; o IES Arzobispo Xelmírez II de Santiago de Compostela; La Salle de Santiago; o IES Virxe do Mar de Noia; o IES Melide; o Colexio Divina Pastora Franciscanas de Ourense; o IES Saturnino Montojo de Ferrol; o IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia; o IES Fene, o IES Tirso de Molina de Ferrol; o IES Laxeiro de Lalín que participa con dous equipos, así como o Colexio Compañía de María da cidade da Coruña.

O tema de debate proposto para esta edición do Parlamento Xove é a análise do papel da xuventude no contexto mundial actual e a reflexión que se busca é se esa mocidade vai cara un modelo máis participativo ou máis individualista.

A cuestión da participación social da mocidade está de plena actualidade e faise necesario unha fonda reflexión, para a que se pode atopar inxente información tanto cara un posicionamento coma cara outro.

A segunda semifinal terá lugar o vindeiro 25 de febreiro, tamén na Deputación da Coruña, no que debaterán outros 16 equipos. Dos 30 equipos que participan nestas dúas semifinais, 8 serán os que debaterán na final que descenderá o 17 de marzo no hemiciclo do Parlamento de Galicia.

Nova fase de formación

Unha das novidades desta edición de Parlamento Xove foi a incorporación dunha nova fase de formación para os equipos inscritos, que se desenvolveron en varias fins de semana de decembro e xaneiro en Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo. Neste curso os alumnos participantes recibiron coñecementos de oratoria enfocada ao funcionamento dos campionatos escolares de debate.

Parlamento Xove, como actividade na que participa alumnado e profesorado de centros educativos, contribúe ao desenvolvemento de numerosas competencias básicas: competencia lingüística, nos seus catro ámbitos (expresión oral e escrita; e comprensión oral e escrita); competencia matemática; tratamento da información e competencia dixital; competencia social e cidadá; competencia cultural e artística; e competencia para 'aprender a aprender' e iniciativa persoal.

Este ano realizarase unha competición paralela de carácter experimental para alumnos de 3º e 4º de ESO durante o mes de abril. En anos anteriores, os alumnos de Secundaria participaban xunto cos de Bacharelato, pero as diferentes idades traían consigo diferenzas

moi importantes na competición, polo que este ano tense decidido realizar unha competición paralela para estas idades.

Xuventude organiza o 28 de febreiro a segunda edición do programa 'Emprega talento' para promover o emprendemento entre a mocidade



Domingo, 12 Febreiro 2012 00:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convocará este ano a segunda edición do programa 'Emprega talento' para achegar aos mozos e mozas ao mundo directivo. A data elixida para celebrar o encontro, ao que poderán asistir ata un máximo de 200 mozos e mozas, será o próximo 28 de febreiro no Parque Tecnolóxico de Galicia, en San Cibrao das Viñas (Ourense). O prazo de inscrición para participar na iniciativa xa está aberto e rematará o próximo 24 de febreiro. Pode facerse a través da web de Xuventude, <http://xuventude.xunta.es/>. O acto celebrarase en colaboración coa Asociación para o Progreso da Dirección (APD).

O obxectivo do programa 'Emprega talento' é ofrecer á mocidade unha alternativa para detectar oportunidades laborais e promover novos proxectos empresariais, así como o espírito emprendedor dos mozos e mozas do espazo transfronteirizo. O que se pretende é establecer un punto de encontro entre as empresas e os mozos e mozas para que o talento da xente quede no territorio da nosa comunidade autónoma.

'Emprega talento' é, polo tanto, un espazo de encontro, coñecemento, información e de formación en habilidades, e, sobre todo, en relacións. Trátase dun espazo aberto cara á empregabilidade dos mozos e mozas, así como para a creación de oportunidades mediante o intercambio e a posta en común de ideas.

Así, este encontro servirá para a posta en contacto da xente nova coa realidade empresarial actual. Converterase nunha mostra das demandas das empresas no momento de selección dos seus profesionais e futuros directivos e promoverá a participación, o intercambio de ideas e a colaboración entre os mozos e mozas e os directivos.

'Emprega talento' inspírase no formato Afterwork, creando un escenario participativo e distendido. A xornada, que se iniciará ás 16,45 horas, desenvolverase en catro bloques titulados: 'Os valores do deporte á hora de emprender'; 'A aula á empresa; aprender a emprender'; 'Os mozos de hoxe, directivos de mañá'; 'En novos tempos, novas habilidades directivas'.

Durante unha tarde os mozos serán partícipes en relatorios sobre liderado, talento, valores, traballo en equipo, experiencia, éxitos e fracasos, motivación ou innovación, ao tempo que poderán ser parte activa en coloquios con deportistas, nunha mesa redonda con directivos de recursos humanos de distintas empresas, así como locutor nunha conversa estratéxica con directivos de distintas empresas galegas.

Para finalizar a xornada, o programa desenvolverase no Espazo Ágora, un punto de encontro, onde se permitirán as relacións, o intercambio de ideas, a información e o coñecemento a través de actividades paralelas. Tamén será un espazo de asesoría, onde se ensinará a como presentar un currículo ou como afrontar unha entrevista laboral.

Este programa forma parte do proxecto Emprende, financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal (POCTEP), que ten como obxectivo principal fomentar a creación de empresas, de emprego e autoemprego para mozos e mozas, promovendo actividades que convertan o espazo de cooperación transfronteirizo nun marco atractivo para novas actividades económicas e empresariais.

Estancia creativa para xóvenes



Luns, 13 Febreiro 2012 13:44

Estancia creativa para xóvenes: literatura. Un grupo de mozos e mozas compartiron durante tres días unha forma nova de creación literaria.

Esta fin de semana tivo lugar no Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo) a estancia creativa na especialidade de literatura. Os mozos e mozas que participaron nesta fin de semana tiveron a oportunidade durante tres días de crear. A través da participación activa de todos se consegue un novo xeito de crear.

No Albergue realizaron pequenos obradoiros que despertaron a imaxinación dos participantes, pequenas dinámicas para avanzar na creación literaria: creación ambiental, creación de personaxes, creación de acción, creación a través dos sentidos, creación dende outros puntos de vista non habituais (co sentido da vista, do tacto,...).

Posteriormente activouse un obradoiro participativo e interactivo literario a través da dinamización das rúas da Coruña e de Cambre a través da literatura. O método foi a creación dun relato breve e a súa plasmación nun formato de marcapáxinas xigante e a invitación a súa lectura aos transeúntes.

Estamos a ver unha actividade moi distinta e unha dinamización moi innovadora, definida por un participante como “literatura interactiva”

O programa Estancias creativas para xóvenes segue durante os meses de marzo a xuño en distintas especialidades. A próxima cita será o vindeiro 9 de marzo no Albergue de Gandarío para as categorías de graffiti e banda deseñada.

NOVAS E ANUNCIOS

NOVAS E ACTIVIDADES

Campamentos e campos de traballo para mozos e mozas do exterior

Martes, 07 Febreiro 2012 07:34

A Secretaría Xeral da Emigración convoca axudas correspondentes ao programa de actividades de campamentos e campos de traballo para o ano 2012, que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares.



1. Actividades de campamento:

convócanse 213 prazas en campamentos e albergues xuvenís situados en Galicia, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, en dúas quendas no mes de xullo. O programa desenvólvese en dúas quendas diferentes con actividades tamén diferenciadas:

a) Na quenda do 1 ao 12 de xullo ten lugar a actividade «Galiza: verde e azul», que busca proporcionar aos mozos e mozas de fóra de Galicia un mellor coñecemento da nosa terra. Os participantes –con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos– residirán en dúas instalacións: seis días na zona de interior, no Campamento Xuvenil Os Chacotes, Palas de Rei (Lugo), e seis días na zona de costa, no Albergue Xuvenil de Gandarío-Bergondo (A Coruña), e permanecerán en tendas de campaña no primeiro caso e nun albergue, en cuartos compartidos, no segundo.

b) Na segunda quenda, do 17 ao 28 de xullo, teñen lugar as actividades «Vela e táboa», «En bicicleta e cabalo pola natureza» e un programa de actividades para maiores de 18 anos.

As instalacións están situadas en Gandarío, Bergondo (A Coruña) e Furelos, Melide (A Coruña).

2. Campos de traballo:

convócanse 20 prazas en campos de traballo, situados en distintas localidades da Comunidade Autónoma galega, para participantes con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos de idade.

Poderán ser beneficiarios deste programa os mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter residencia habitual fóra de Galicia.
- Ter nacido en Galicia ou ser descendente de emigrante galego ata o segundo grao de consanguinidade.
- Ter nacionalidade española.
- Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes, para aqueles solicitantes que teñan 18 ou máis anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Ter unha idade entre 14 e 20 anos, o 30 de xuño do ano da convocatoria, para os participantes en actividades de campamento.
- Ter unha idade entre 18 e 30 anos, o 30 de xuño do ano da convocatoria, para os participantes en campos de traballo.
- No caso dos solicitantes de actividades de campamentos non ter participado en edicións anteriores nesta modalidade.
- No caso de solicitantes en campos de traballo, non ter participado en edicións anteriores na modalidade de campos de traballo.
- Para as prazas financiadas ao 100% da axuda do custo da viaxe, estes solicitantes non deben contar a unidade económica familiar con ingresos superiores, en renda per cápita, a 2,5 veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente
- Para os solicitantes que opten a prazas financiadas ao 50 % da axuda de custo da viaxe, poderán superar os límites de ingresos establecidos no punto anterior.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 7 de marzo de 2012

Máis información no DOG do 7 de febreiro de 2012 e en www.galiciaaberta.com

Guía do Sistema Educativo Galego para estranxeiros




Mércores, 08 Febreiro 2012 08:37

A Consellería de Educación editou unha guía do Sistema Educativo Galego en 10 idiomas co obxectivo de permitirlles ao alumnado de nova incorporación procedente do estranxeiro e ás súas familias unha primeira toma de contacto coa realidade escolar, facilitando deste xeito o seu proceso de adaptación ao sistema educativo da comunidade galega.

Esta guía proporciona unha información non exhaustiva pero completa das características do noso sistema educativo, en dez idiomas (galego, castelán, alemán, árabe, chinés, francés, inglés, portugués, romanés e ruso)

Máis información en www.edu.xunta.es

Guía para estudar nas universidades de Galicia



Mércores, 08 Febreiro 2012 09:08

Si estás interesado en cursar estudos universitarios en Galicia, a Consellería de Educación ten publicada na súa páxina web unha guía do Sistema Universitario de Galicia.

Podes descargala en <http://www.edu.xunta.es/web/guiasug>

Guía da Formación Profesional en Galicia



Mércores, 08 Febreiro 2012 09:23

Na páxina web da Consellería de Educación están publicados os folletos informativos dos estudos de Formación Profesional que se poden cursar en Galicia, tanto os ciclos formativos de grao superior como os ciclos formativos de grao medio.

No seguinte enderezo podes consultar os folletos informativos, clasificados por familias profesionais:

<http://www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp>

Prezos de servizos nas instalacións xuvenís e dos carnés para a Xuventude



Xoves, 09 Febreiro 2012 08:10

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado publica no DOG do 9 de febreiro de 2012 as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2012.

Tarifas:

A. Pola utilización dos campamentos e albergues xuvenís durante a campaña de verán establécense os seguintes prezos por praza:

A.1. En réxime de oferta concertada (dirixida a grupos).

A.1.1. Campamentos:

Por quenda de quince días 136,8

Por quenda de doce días 110,4

Por día 13,2

A.1.2. Albergues e residencias:

Por quincena 183,6

Por día 19,56

Estes prezos abranguen os seguintes servizos: o aloxamento, a alimentación en réxime de pensión completa, o uso das instalacións e material, o consumo de auga, electricidade e combustible, agás o material de actividades específicas de animación

A.2. En actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A.2.1. Campamentos:

Actividades náuticas (por quenda de doce días) 201,6

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días) 171,6

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de oito días) 98,4

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días) 201,6

A.2.2. Albergues:

Actividades náuticas (por quenda de doce días) 225,6

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días) 216

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de oito días) 110,4

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días) 216

A.2.3. Campos de traballo:

Ámbito autonómico e nacional (por quenda) 72

Ámbito internacional (por quenda) 72

B. Por servizos nos albergues e residencias integrados na Rede Española de Albergues Xuvenís (REAX), establécense os seguintes prezos por persoa:

Servizos Ata 30 anos e Maiores de 30 anos
Pensión completa 24€ e 28€
Aloxamento 9€ e 13€
Almorzo 3€ e 3€
Xantar ou cea 8€ e 8€

Para facer uso destes servizos deberase posuír o carné de alberguista en calquera das súas modalidades.

C. *Servizo nas residencias xuvenís para estudantes (por praza e mes), durante o curso 2012/2013:*

Residentes internos 315,6 €

D. *Pola utilización das instalacións recreativo-deportivas.*

D.1. Uso de pavillón polideportivo cuberto/hora: 24

D.2. Uso de pistas polideportivas descubertas/hora: 9,6

D.3. Uso de piscina non climatizada/hora: 3

D.4. Uso de material náutico. A gasolina será por conta do solicitante:

Un barco de vela media xornada 7,2

Un barco de vela unha xornada 13,2

Unha embarcación pneumática a motor media xornada 13,2

Unha embarcación pneumática a motor unha xornada 25,2

Unha canoa media xornada 4,8

Unha canoa unha xornada 8,4

E. *Polo uso de locais ou salas.*

Sen equipamento informático:

Media xornada 8,4

Unha xornada 13,2

Con equipamento informático:

Media xornada 16,8

Unha xornada 26,4

Media xornada é unha mañá ou unha tarde cun máximo de catro horas.

O réxime de pensión completa para grupos xa inclúe o uso das dependencias necesarias para o desenvolvemento do programa.

F. *Pola utilización dos campamentos e albergues para actividades recreativas ao aire libre.*

F.1. Acampadas: 3,6 euros/día e persoa.

F.2. Actividades recreativo-culturais en albergues (convivencia):

30 euros/día/grupo de ata 50 usuarios.

45 euros/día/grupo de 51 a 100 usuarios.

75 euros/día/grupo de 101 a 200 usuarios.

140 euros/día/grupo de 201 a 300 usuarios.

Prezos pola expedición dos diferentes carnés dirixidos á xuventude

- Carné xove: 6 €.
- Carné alberguista xove: 5 €.
- Carné alberguista adulto: 12 €.
- Carné alberguista grupo: 15 €.
- Carné alberguista familiar: 24 €.
- Carné alberguista para estranxeiros (completo): 21 €.
- Carné alberguista para estranxeiros (cupón): 3,50 €.
- Carné teacher (ITIC): 8 €.
- Carné internacional xove (IYTC): 6 €.
- Carné student (ISIC): 6 €.

Os usuarios do Carné Xove gozarán, en todas as actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dun desconto como mínimo do 5% e como máximo do 50%. A porcentaxe de desconto aplicable en cada caso, especificarase no folleto informativo de cada un dos programas e actividades que se leven a cabo.

Máis información no DOG do 9 de febreiro de 2012

II PROGRAMA DE EMPLEA TALENTO PARA O ACHEGAMENTO DOS MOZOS E MOZAS AO MUNDO DIRECTIVO

Xoves, 09 Febreiro 2012 09:29



Enmarcado no proxecto Emprende, o vindeiro 28 de febreiro desenvolverase o segundo proxecto de Emplea talento no Parque Tecnolóxico de Galicia (San Cibrao das Viñas – Ourense), organizada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración con APD (Asociación para el progreso de la dirección).

O prazo de inscrición estará aberto desde o 9 ata o 24 de febreiro e as prazas serán cubertas por rigorosa orde de inscrición ata completar aforo.

Co programa Emplea talento preténdese unir baixo un mesmo abano a estratexia da administración pública, neste caso da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e de diversas empresas, como o caso de APD, para que o talento da xente moza quede no territorio da nosa comunidade autónoma, ofrecendo á xuventude unha alternativa para detectar oportunidades laborais e promovendo novos proxectos empresariais e o espírito emprendedor dos mozos e mozas da espazo transfronteirizo.

Emplea talento é un espazo de encontro, coñecemento, información e de formación en habilidades, e, sobre todo, en relacións; un espazo aberto cara a empregabilidade de mozos e mozas, así como para a creación de oportunidades mediante o intercambio e posta en común de ideas. Entre outros, os obxectivos principais de Emplea Talento é a posta en contacto da xente nova coa realidade empresarial actual; unha mostra das demandas das empresas no momento de selección dos seus profesionais e futuros directivos; ofrecer aos mozos e mozas unha alternativa para poder acadar novas oportunidades laborais; promover a participación, o intercambio de ideas e a colaboración entre os mozos e mozas e os directivos; e fomentar o espírito empresarial da xente nova.

Emplea talento inspírase no formato Afterwork, que promove o coñecemento e as relacións de tu a tu, creando un escenario participativo e distendido. A xornada que se iniciará ás 16:45 horas desenvolverase en catro bloques: os valores do deporte á hora de emprender; da aula á empresa. Aprender a emprender; os mozos de hoxe, directivos de mañán; en novos tempos, novas habilidades directivas. Durante unha tarde os mozos serán partícipes en relatorios sobre liderado, talento, valores, traballo en equipo, experiencia, éxitos e fracasos, motivación, innovación,, poderán ser parte activa en coloquios con deportistas, nunha mesa redonda con directivos de recursos humanos de distintas empresas, así como locutor nunha conversa estratéxica con directivos de distintas empresas galegas. Para finalizar a xornada, o programa desenvolverase no Espazo Ágora: un punto de encontro que permite as relacións, o intercambio de ideas, a información o coñecemento a través de actividades paralelas: un espazo de asesoría, como presentar un currículo, como afrontar unha entrevista laboral, a mellor adas habilidades de traballo en equipo a través da elaboración de pratos.

O proxecto Emprime, financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal (POCTEP), conta como socios co Instituto Português da Juventude (IPJ), a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís do Portugal (FNAJ) e a Fundación Galicia Europa (que colaboran estreitamente nesta iniciativa), ten como obxectivo principal fomentar a creación de empresas, de emprego e autoemprego para mozos e mozas, promovendo actividades que convertan o espazo de cooperación transfronteirizo nun marco atractivo para novas actividades económicas e empresariais. Folleto Informativo: <http://xuventude.xunta.es/uploads/EmpleaTalento-PAGS.pdf> Formulario de Inscripción: <http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo.php?mod=ppr&idc=57#forsux>

Programa Aula Xuventur



Venres, 10 Febreiro 2012 08:39

A Dirección xeral de Xuventude e Voluntariado pon en marcha o programa AULA XUVENTUR para os centros de ensino galegos. Poderá participar o alumnado de 1.º, 2.º, 3.º e 4.º curso da educación secundaria obrigatoria (ESO), 1.º curso de bacharelato e 1.º ciclo de grao medio, que non teña cumpridos os 18 anos.

Pola súa temática, en función das idades dos participantes, estruturase en 3 módulos:

Módulo I: VIVE O MAR, dirixido ao alumnado con idades entre os 12-16 anos e que estea cursando 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO. Aloxaemento: Albergue xuvenil de Sinas. 7 quendas de 2 días (do 8 de marzo ao 20 de abril). A finalidade do programa é crear un novo marco de ensinanza lúdico-educativa, baseada na multidisciplinariedade de coñecementos e

aprendizaxes sobre o medio mariño e o seu entorno.

Módulo II: MULTIAVENTURA DE CINE, dirixido ao alumnado con idades entre os 14-17 anos que estea cursando 3.º e 4.º da ESO, 1.º de bacharelato ou 1.º ciclo de grao medio. Aloxaemento: Residencia Xuvenil LUG 2. 11 quendas de 3 días (do 7 de marzo ao 1 de xuño). Busca achegar aos participantes ó cine como ferramenta de desenvolvemento de habilidades sociais, creatividade e autoconecemento, complementado por actividades de deporte activo.

Módulo III: CAMIÑO A DURBAN, dirixido ao alumnado con idades entre os 14-17 anos que estea cursando 3.º e 4.º da ESO, 1.º de bacharelato ou 1.º ciclo de grao medio. Aloxaemento: Albergue xuvenil de Gandarío. 6 quendas de 3 días (do 12 de marzo ao 9 de maio). Durante tres xornadas organizarase un xogo de rol sobre educación ambiental, tendo como fío condutor o cambio climático, co obxecto de favorecer un achegamento ao concepto de educación ambiental e desenvolvemento sostible, sensibilizar da problemática do cambio climático, as súas causas, efectos e medidas paliativas.

O programa oferta un total de 879 prazas durante os meses de marzo a xuño.

Condicións xerais da actividade INSCRICIÓNS E RESERVAS

A inscrición realizarase unicamente na modalidade en liña, dende esta páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: www.xuventude.net.

A inscrición deberá realizala o centro de ensino correspondente. Non se admitirán solicitudes individuais do alumnado. Cada módulo ten o seu formulario de inscrición específico, que se deberá ter en conta á hora de solicitar o destino para asegurarse de cubrir o axeitado. Cada centro de ensino poderá solicitar e participar nos 3 módulos de actividades.

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición comezará o día **23 de febreiro ás 9:00 horas** para todos os módulos de actividades, e finalizará unha semana antes do inicio de cada quenda. O formulario de solicitude estará dispoñible nesta páxina web, a partir do día 23 de febreiro. Non se admitirán as solicitudes cuxa data e hora sexa anterior á data sinalada como prazo de inscrición.

ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles por módulo. No prazo de 7 días dende o envío da solicitude, enviaráselle ao enderezo electrónico que figure no formulario de inscrición, un correo no que se confirmará, de ser o caso, a adxudicación da praza. De non recibir a comunicación de admisión no prazo de 7 días, entenderase que non se obtivo a praza. Unha vez comunicada a adxudicación de prazas ao centro educativo por correo electrónico, este disporá dun prazo máximo de 5 días para enviar a documentación correspondente, que se sinala na comunicación de adxudicación, á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. No caso contrario, poderá ser excluído do programa.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Son viaxes en grupo e, en consecuencia, débense respectar os horarios establecidos, tanto para as saídas programadas como para os

servizos opcionais. Así mesmo, durante o desenvolvemento da actividade deberá manterse un comportamento acorde coas normas de convivencia e un trato correcto cos demais participantes e co persoal da organización.

Durante a estadía nos aloxamentos, respectaranse as normas de organización interna en cada un deles.

As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo. Poderá tamén cancelarse, no caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.

A realización e o desenvolvemento das actividades estará condicionada polas condicións meteorolóxicas xerais.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas, no caso de que non exista un número mínimo de participantes.

Se calquera das persoas participantes incumpra as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal da actividade, a persoa poderá ser expulsada do programa. Neste caso, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado non se fará responsable da viaxe de volta da devandita persoa, nin reembolsará ningunha cantidade económica.

Será necesario levar a tarxeta sanitaria durante a viaxe.

DEVOLUCIÓN DA COTA DE PARTICIPACIÓN

Só se procederá á devolución da cota de participación cando, por causas non imputables ás persoas interesadas, o servizo non se preste ou a Administración cancele a actividade.

Toda a información sobre o programa no seguinte documento pdf: http://xuventude.xunta.es/uploads/Folleto_Aula_Xuventur.pdf

OS FORMULARIOS HABILITARANSE O DÍA 23 DE FEBREIRO.

"Mulleres maias unidas, queremos ensinar, queremos aprender"



Venres, 10 Febreiro 2012 11:56

Desde o día 15 de febreiro e até o próximo 7 de marzo a exposición de fotografía "Mulleres maias unidas, queremos ensinar, queremos aprender" estará no Centro Coordinador da praza do Matadoiro en Santiago de Compostela para achegar á sociedade galega a cultura maia e as súas reivindicacións como pobo indíxena que desde hai moito tempo loita polo recoñecemento dos seus dereitos. A exposición contén 50 imaxes realizadas por mulleres indíxenas guatemaltecas que mostran desde unha rigorosa perspectiva de xénero, a realidade cotiá a partir da súa propia experiencia. As catorce protagonistas recibiron un curso de fotografía documental como ferramenta para contar a súa

historia e as das súas comunidades: María del Mar, O Triunfo, A Verde e Aztlán. O propósito da mostra é romper con estereotipos e prexuízos que crean unha subxectividade única e estática da muller indíxena.

Dita exposición forma parte do proxecto de sensibilización "Coñecendo os pobos, achegando culturas" financiado pola Xunta de Galicia e levado a cabo en Galicia polas ONGD's: ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS, ACSUR LAS SEGOVIASGALIZA, SOLIDARIEDADE

INTERNACIONAL e FARMAMUNDI GALICIA. Ditas organizacións tamén levan a cabo un Programa de Cooperación Integral na zona chamado Oxlajuj T'zikin.

Elas son mulleres fortes e viviron. Máis do que nos imaxinamos. Elas desexan seguir aprendendo porque saben que o coñecemento é a base do crecemento como sociedade sen perder as súas raíces. Foron mulleres receptivas, libres, iluminadas. E a realidade non ensombrece a beleza das imaxes que nos mostran, son tan dignas como elas.

(Adriana Leira, facilitadora do curso).

As imaxes seguirán o seguinte percorrido: as datas actualizaranse na web: <http://galicia.asfes.org>

Máis información: sensi.galicia@asfes.org e <http://galicia.asfes.org>

Novas bolsas !!!



Luns, 13 Febreiro 2012 09:09

Podes consultar as bolsas que se convocan ao longo do ano clasificadas por materias e por entidades convocantes.

Na ventá de Ensino e Bolsas de: www.xuventude.net

Boletín mensual INJUVE, Febreiro



Luns, 13 Febreiro 2012 10:13

Este boletín é unha guía de información xuvenil sobre actividades, bolsas e axudas, cursos, premios, publicacións, recursos web, e lexilaxión sobre xuventude.

<http://www.guiainjuve.injuve.es/>

Plan de Formación 2012

Luns, 13 Febreiro 2012 12:42

